

Shapes and Colours

Contidos:

- Cores
- Formas xeométricas
- Cor + forma xeométrica

Curso(s) ao(s) que vai dirixido:

1º e 2º de Educación Primaria.

Materia(s):

Inglés

Educación Plástica

Emprego da Tapiz:

O xogo pode empregarse en varias fases incrementando o nivel de dificultade segundo a mellora nos contidos.

Nun primeiro momento, o alumnado ten que mover o Escornabot á cor en inglés que indique a mestra, pode elixir entre as varias que hai.

Na segunda fase, o alumnado debe mover o Escornabot á forma xeométrica que indique a mestra, igualmente pode ir, por exemplo, ao triángulo que el elixa.

No seguinte paso, incrementase o nivel de dificultade, o alumnado deberá ir ao cadro exacto que lle indique o profesor segundo á cor e a forma xeométrica, por exemplo, círculo laranxa.

Finalmente, no máis alto nivel, o alumnado xoga en parellas, un debe indicar o lugar e o outro debe darlle as instrucións precisas ao Escornabot, neste caso debe ter moi claro a estrutura cor máis forma xeométrica e identificar perfectamente cores e formas.

Tapiz:



